

OS MOVEMENTOS MIGRATORIOS NO LONGO PRAZO: CARBALLO, 1877-1981

Alberte Martínez López

RESUMO

En xeral, os estudos migratorios españois centráronse nas etapas do destino americano ou europeo. No presente traballo abórdanse conxuntamente ambos os dous destinos a partir dos padróns municipais da vila galega de Carballo. A devandita fonte explótase exhaustivamente para delimitar ao máximo o perfil dos emigrantes e establece comparacións co conxunto da poboación municipal e ao longo do tempo. Ponse de manifesto a precocidade, importancia, persistencia e polarización do fenómeno migratorio nesta localidade, así como a relevancia das cadeas migratorias para a súa configuración.

Palabras clave: Emigración, cadeas migratorias, padrón municipal, Galicia.

ABSTRACT

In general, the Spanish studies on migrations have focused in the stages of the American or European destination. In this article both stages will be analysed jointly, using as the main source the population census of Carballo, an important Galician town. This source will be deeply analysed in order to better know the full profile of the emigrants, establishing comparisons with the whole local population and along the time. This work shows the precocity, importance, persistence and polarisation of the migratory process in this town, as well as the importance of the migratory networks in order to explain its configuration.

Keywords: Emigration, Migratory Networks, Population Census, Galicia.

En xeral, os estudos migratorios feitos dende unha perspectiva histórica centráronse na emigración europea a América no período 1880-1930. Dende un enfoque máis actual, a demografía veuse ocupando dos movementos da poboación española a partir dos anos cincuenta e sesenta cara ás provin-

Recibido: 07-05-2008 Aceptado: 02-02-2009

cias máis industrializadas ou cara a Europa occidental, na segunda gran fase de enxurrada migratoria. Porén, en ambos os casos existen lagoas, relativas aos movementos intraprovinciais en ambos os períodos e intraespañóis na primeira fase.¹ Por outra banda, non se acometeron, que saibamos, investigacións que analicen simultaneamente o fenómeno migratorio nos seus diversos tipos de destino espacial (intraprovincial, intrarrexional, intranacional e exterior) e no longo prazo enlazando as dúas etapas citadas.

Naturalmente, emprender un estudo destas características esixe acoutar o ámbito territorial da investigación, no nivel municipal, e os cortes temporais seleccionados. Neste senso, seleccionamos o concello de Carballo (situado a 30 km da Coruña, preto da costa) porque se trata dun dos principais municipios da Galicia non urbana durante a meirande parte do período analizado. As fontes manexadas foron os padróns municipais e deles tivemos que optar entre aqueles que incluían datos relativos aos residentes ausentes. Escollemos o primeiro (1877) e o último (1981) no que figuran estes datos, que son tamén significativos do inicio da emigración americana e do peche do ciclo migratorio pola crise dos anos setenta. Como padróns intermedios optamos por aqueles que permitían estruturar períodos de duración relativamente homoxénea (20-30 anos) e coincidentes con datas máis ou menos significativas, como foron os de 1904 (época de maior emigración ultramarina), 1935 (estancamento da emigración pola Depresión) e 1955 (inicio da reorientación migratoria cara a outras provincias e Europa).

A metodoloxía aplicada consistiu en efectuar un baleirado sistemático de toda a información contida nos devanditos padróns municipais respecto aos residentes ausentes. Como cabería esperar dun período tan prolongado, o tipo de información anotada non resulta sempre homoxéneo. As principais diferenzas estriban na ausencia case total no padrón de 1935 da indicación da localidade onde se atopan nese momento e as variacións na clasificación profesional dos emigrantes, xunto cunha meirande riqueza de matices neste eido e no da instrución para o ano 1981.

Para obter maior información dos datos manexados tratamos, na medida en que os censos demográficos o permitiron, de comparar os datos dos

1. Sen ánimo de exhaustividade pódense citar, nas escalas europea, española, galega e local, os traballos de Eiras e Rey (1992), Yáñez (1994), Rodríguez Galdo (1995), Sánchez (1995), Vázquez (1996), Villares e Fernández (1996) e Hatton e Williamson (1998). Sobre a evolución xeral da poboación galega no longo prazo, López Taboada (1996). Estudos demográficos a escala local en Eiras (ed.) (1992) e Nogueira (1998). Un estado da cuestión sobre as diversas formulacións teóricas sobre a emigración en Silvestre (2000). Sobre os movementos migratorios interiores en España, Silvestre (2001).

residentes ausentes cos do conxunto do concello, para ver se seguían pautas similares ou diferentes, e cales eran as posibles peculiaridades. Xa que logo, mediante os cadros seguintes iremos analizando as distintas variables que puidemos recompilar respecto aos residentes ausentes e estableceremos a comparación entre os diversos anos e respecto ao conxunto do concello.

O PESO DEMOGRÁFICO DOS EMIGRANTES E A SÚA DISTRIBUCIÓN POR SEXO, IDADE E ESTADO CIVIL

O número de residentes ausentes (cadro 1) xa supón unha cifra significativa, tanto en valores absolutos como relativos, nunha data tan temperá como 1877, o que pon de manifesto a precocidade do proceso migratorio neste concello. A emigración acada as cifras máis elevadas, tanto en grao absoluto como relativo, nos primeiros anos do século xx, o que de novo marca un trazo distintivo de precocidade no comportamento deste concello. A situación a mediados dos trinta amosa un estancamento en cifras elevadas, cun lixeiro retroceso en termos relativos, o que ten que ver co refluxo dos movementos migratorios por mor da Depresión desa década. Con todo, é probable que a máxima intensidade migratoria se producise a finais dos anos vinte e que logo houbo un retroceso. A dureza da posguerra e o contexto nacional e internacional, pouco favorables para os desprazamentos de poboación, marcan os mínimos, absolutos e relativos, de todo o período, sen ter en conta posibles deficiencias estatísticas, non descartables. Finalmente, a segunda gran xeira de impulso migratorio dos anos sesenta e setenta reflíctese nas elevadas cifras de 1981, aínda que menores, sobre todo en termos relativos, que as do primeiro terzo da centuria.

En canto á distribución por sexos, obsérvase, como é habitual, que existe unha compoñente masculina maioritaria ao longo de todo o período, bastante estable a longo prazo entre o 68%-75%. Porén, apréciase unha tendencia a unha maior participación feminina até a Guerra Civil, como resultado dun carácter máis masivo da emigración e do seu trazo de longa duración ou mesmo definitiva, que leva a un proceso de reagrupamento familiar, co incremento das esposas (e fillos, como se aprecia no cadro 2) que se desprazan a ultramar co cabeza de familia. Non obstante, tamén neste aspecto a Guerra Civil supón unha cesura, pois a tendencia vólvese inverter nas décadas posteriores, quizais en parte inicialmente pola énfase na reclusión feminina na esfera doméstica e, sobre todo, polo novo carácter temporal da emigración cara a Europa occidental.

Se nos fixamos agora nas idades dos residentes ausentes (cadro 2), vemos como se trata na súa inmensa maioría de poboación activa, especialmente nos primeiros tramos desta. Neste senso, existen claras diferenzas respecto á distribución

Cadro 1. Distribución dos residentes ausentes por sexo e porcentaxe sobre a poboación de feito do concello				
Ano	Mulleres	Homes	Total absoluto	% sobre a poboación do concello
1877	24,8	75,2	443	3,7
1904	31,5	68,5	1390	10,5
1935	37,2	62,8	1426	8,6
1955	32,2	67,8	398	1,8
1981	26,4	73,6	1222	5,1

Fonte: Padróns municipais de habitantes, elaboración propia

do conxunto da poboación do concello (cadro 3), pois naturalmente neste último caso a porcentaxe de poboación non activa (menores de 15 anos e maiores de 60) resulta moi superior. Estamos, xa que logo, claramente diante dunha emigración de tipo laboral e que responde a unha estratexia individual e familiar fortemente asentada, xa que o tramo de idade maioritario correspóndese co de entre 20 e 29 anos, que proporciona entre un terzo e a metade dos efectivos.

Entrando en aspectos de detalle, vemos como en 1904 a porcentaxe de menores de 15 anos é a máis elevada dos diversos padróns, fenómeno que habería que pór en relación co proceso xa comentado de reagrupamento familiar logo dunha dilatada traxectoria migratoria, nun momento de forte intensidade do fenómeno, que se nutre de elementos moi novos, como o manifesta que o 80% teña menos de 30 anos. Pola contra, o estancamento da emigración e as dificultades económicas nos países de destino explican que en 1935 se reduzan ao mínimo os emigrantes nenos e adolescentes. Cifras similares obsérvanse en 1981 en relación co carácter temporal desta nova corrente migratoria e a porcentaxe acumulada nese ano, que se manifesta na importancia do grupo de entre 40-60 anos.

Outra variable que cómpre ter en conta é o estado civil dos emigrantes (cadro 4). Como sería previsible, da temperá idade de emigración e do seu carácter laboral extráese un esmagador predominio dos solteiros, cunha estreita correlación coas porcentaxes de fillos (cadro 6). Nun primeiro momento, a participación de casados é maior, pois trátase do inicio do proceso, cuxa iniciativa recae sobre algún cónxuxe, xeralmente o home. Conforme avanza o tempo, o proceso migratorio madura e reagrúpanse as familias alén do mar, increméntase a participación de solteiros, en consonancia coa de fillos. O cambio máis radical nesta tendencia ten lugar en 1981, cando se inverten as porcentaxes, de xeito que se dá unha maioría de casados. A explicación radica no carácter temporal desta emigración, nas maiores facilidades de comunicación, na redución da natalidade e no avance na esperanza de vida, que permite que os fillos, poucos, dos emigrantes fiquen en Carballo cos seus avós.

Cadro 2. Distribución dos residentes ausentes por idades, en porcentaxe								
Ano	<15	15-19	20-29	30-39	40-49	50-59	>60	Total absoluto*
1877	6,3	17,6	39,6	20,8	9,3	4,2	2,3	432
1904	23,2	22,9	33,6	13,0	4,7	1,4	1,2	1388
1935	4,9	2,7	36,5	38,3	12,9	2,8	2,0	1422
1955	7,3	17,1	52,8	16,6	4,8	1,3	0,3	398
1981	3,2	5,8	39,8	29,6	15,5	5,6	0,5	1094

* Na maioría dos cadros poremos na última columna o total absoluto para que se vexa o tamaño da mostra, dado que para as distintas variables non sempre se dispuxo de información en todos os casos.
Fonte: Padróns municipais de habitantes, elaboración propia

Cadro 3. Distribución da poboación de feito do concello por idades, en porcentaxe								
Ano	<15	15-19	20-29	30-39	40-49	50-59	>60	Total absoluto
1877	34,8	15,5	5,8	12,9	13,0	9,3	8,7	11.445
1900	40,1	6,5	15,8	13,5	8,5	7,9	7,7	13.032
1930								
1950	31,3	20,1	15,9	9,4	9,8	6,2	7,2	20.965
1981	27,7						10,8	23.923

Fonte: Censos de poboación, elaboración propia

Se comparamos os datos dos emigrantes cos do total da poboación (cadro 5), vemos como, a pesar de que neste último caso as porcentaxes semellan incluír toda a poboación, é dicir, contados os menores de idade, a proporción de solteiros resulta inferior (dentro dunha curiosa estabilidade a longo prazo) no total da poboación respecto aos residentes ausentes, o que vén de novo motivado pola maior xuventude dos emigrantes (que se reflicte sobre todo no forte contraste na porcentaxe de viúvos) e pola emigración como unha estratexia normalizada de acceso ao mercado laboral. (Cadros 4 e 5)

EMIGRACIÓN E ESTRUTURA FAMILIAR

Outro elemento importante que cómpre considerar á hora de clarificar o perfil dos emigrantes é a súa posición, dende diferentes perspectivas, no seo da estrutura familiar. Iso é o que analizaremos por medio dos cadros seguintes.

No cadro 6 represéntase a súa relación con respecto ao cabeza de familia, home na inmensa maioría dos casos.² Ao longo de todo o período, os

2. Resulta moi raro atopar solteiras ou viúvas que figuren como cabezas de familia. En todo caso, as diferenzas que se observan entre distintas áreas teñen que ver principalmente coas prácticas hereditarias, no senso de que nas zonas de mellora ao primoxénito home o protagonismo feminino é menor (Saavedra, 1996: 28-29).

Cadro 4. Distribución de residentes ausentes por estado civil, en porcentaxe				
Ano	Solteiro	Casado	Viúvo	TOTAL
1877	70,9	27,3	1,9	429
1904	81,6	17,7	0,7	1388
1935	84,8	13,5	1,8	1426
1955	82,2	17,6	0,3	398
1981	37,4	61,9	0,7	1211

Fonte: Padróns municipais de habitantes, elaboración propia

Cadro 5. Distribución da poboación de feito por estado civil, en porcentaxe			
Ano	Solteiro	Casado	Viúvo
1877	58,6	35,0	6,4
1900	58,7	34,9	6,4
1935	61,1	32,8	6,0
1950	60,4	33,5	6,1
1981*	57,6	42,4	

* Os datos da fonte referíanse aos maiores de 14 anos. Para homoxeneizar esta información engadimoslles a porcentaxe da poboación menor de 16 anos. Os de casados engloban todos os non solteiros, pois non hai datos de viúvos.

Fonte: Padróns municipais de habitantes, elaboración propia

emigrantes son sobre todo, e con gran diferenza, os fillos, pois trátase dunha estratexia familiar de supervivencia que encamiña os seus excedentes demográficos cara a ultramar. Inicialmente, esa porcentaxe é algo menor debido ao maior peso relativo dos pais e, sobre todo, doutros integrantes da casa, principalmente criados³ e outros vínculos familiares. Esta maior representación dos integrantes da vivenda que non pertencen á familia nuclear está en relación coa importancia, na época, da familia polinuclear e coa maior incidencia do efecto expulsión nos non pertencentes ao núcleo familiar.

A partir da consolidación do fenómeno migratorio a principios do século xx, a participación dos distintos compoñentes da unidade familiar estabilízase. No momento final da mostra, 1981, prodúcese outra vez unha alteración significativa, concordante coa distribución por estado civil. Agora os fillos, malia seguir sendo o grupo maioritario, representan menos da metade dos residentes ausentes. Pola contra, increméntase significativamente o peso do cabeza de familia e sobre todo, en relación cos anos anteriores, o grupo dos fillos

3. Na Galicia rural tradicional, arredor dunha cuarta parte das familias tiña criados, pero estes só supuñan arredor dun 5,5% da poboación. Existía un predominio das criadas, pero non tan marcado como no mundo urbano. Con frecuencia eran orfos ou fillos de labregos pobres, coa emigración como principal horizonte laboral e vital (Saavedra, 1996: 27-28).

Cadro 6. Distribución de residentes ausentes por parentesco co cabeza de familia, en porcentaxe							
Ano	Cabeza de familia	Fillo	Cónxuxe	Xenro/nora	Irmán	Outro	Total
1877	10,5	66,6	7,7	2,3	3,4	9,5	440
1904	12,5	77,6	4,1	1,3	2,2	2,3	1351
1935	11,6	77,8	2,2	0,6	4,1	3,7	1426
1955	14,3	78,6	3,3	0,0	0,5	3,3	398
1981	27,2	47,2	4,3	15,3	0,4	5,5	1220

Fonte: Padróns municipais de habitantes, elaboración propia

Cadro 7. Media de persoas por fogar		
Ano	Emigrantes	Total concello
1877	5,9	4,3
1904	5,8	4,2
1935	6,4	4,8
1955	6,1	4,3
1981	5,7	

Fonte: Padróns municipais de habitantes, elaboración propia
Para o total do concello 1930 e 1950, en vez de 1935 e 1955

políticos. Estas variacións están en relación coa nova caracterización do fenómeno migratorio, que agora consiste nunha emigración temporal do cabeza de familia ou do xenro mentres que en boa medida os cativos fican ao coidado da nai ou dos avós. (Cadro 6)

Sigamos aprofundando na caracterización das familias de procedencia dos emigrantes. Se observamos a media de integrantes da unidade familiar, vemos como existe un tamaño clara e continuadamente maior nas familias de residentes ausentes que na media municipal.⁴ Isto parece apuntar a unha das posibles causas do fenómeno migratorio:⁵ a presión demográfica. Vemos tamén como existe unha notable estabilidade no tamaño da unidade familiar, tanto entre emigrantes como no conxunto do concello,⁶ e unicamente se aprecia ao final do período a incidencia da caída da natalidade no tamaño das familias. Á

4. Segundo Saavedra (1996: 21, 27), as diverxencias no tamaño medio das familias entre os distintos municipios non son fáciles de explicar seguindo criterios puramente xeográficos, nin tampouco pola desigual presenza de criados.

5. Para as máis recentes interpretacións sobre as causas da emigración, véxase Sánchez (1995) e Hatton e Williamson (1998).

6. Similares conclusións se extraen, para o conxunto da poboación municipal, no veciño concello de Cabana de Bergantiños (Romar, 2003: 16-17).

inversa, o tamaño familiar parece incrementarse nos momentos de parada do fenómeno migratorio, que actuaría de válvula demográfica. (Cadro 7)

Se entramos en maior detalle na distribución de frecuencias, vemos como a maior parte das familias con emigrantes ten entre catro e sete compoñentes e aínda hai un peso importante das unidades familiares de maior tamaño. Como cabería esperar, existe concordancia entre a media de persoas por familia e a distribución de frecuencias, de modo que nas épocas de maior emigración a porcentaxe de familias de gran tamaño resulta menor que nos períodos de estancamento dos fluxos, mentres que ocorre exactamente á inversa coas familias pequenas.

Cadro 8. Distribución porcentual de familias de residentes ausentes segundo o número de persoas por familia										
Ano	1	2	3	4	5	6	7	8	9	>9
1877	0,0	5,1	8,9	14,9	14,3	18,2	14,6	9,5	6,3	8,3
1904	0,7	4,7	9,3	14,3	17,1	19,7	12,1	11,8	4,9	6,1
1935	0,6	3,0	8,8	13,3	13,2	15,2	10,4	11,9	8,5	15,7
1955	0,3	5,0	7,8	18,4	11,6	14,1	12,6	9,1	9,6	11,8
1981	0,2	3,9	14,5	19,2	17,3	11,4	9,8	6,2	3,8	14,0

Fonte: Padróns municipais de habitantes, elaboración propia

En relación co número de emigrantes por familia, vemos como a media rolda o valor 1,5, cun claro predominio do emigrante solitario, porcentaxe que tende a incrementarse nas últimas décadas en relación co predominio dunha emigración temporal e sen reagrupamento familiar. Pola contra, o número máis elevado de familias con varios ausentes no seu seo dáse durante o primeiro terzo do século xx, cunha emigración ultramarina xa consolidada e con forte incidencia do proceso de reagrupamento familiar, nun contexto de emigración definitiva.

Cadro 9. Distribución de familias de residentes ausentes segundo o número de residentes ausentes por familia, en porcentaxe					
Ano	1	2	3	>3	Media
1877	69,7	19,9	6,4	4,0	1,45
1904	61,4	23,1	9,8	5,6	1,60
1935	60,4	23,9	9,4	6,3	1,61
1955	76,2	17,0	3,7	3,1	1,34
1981	77,8	15,4	4,0	2,8	1,32

Fonte: Padróns municipais de habitantes, elaboración propia

Tendo en conta que a meirande parte dos emigrantes ocupa a posición filial na estrutura familiar, pode resultar de interese afondar nesta cuestión. A este respecto vemos como o máis frecuente é que estas familias teñan entre dous e cinco fillos, cunha media arredor dos catro fillos, cunha tendencia a incrementarse nas conxunturas de estancamento da emigración e cunha pronunciada caída no último período en relación co descenso da natalidade característico das últimas décadas. En concordancia co que dicíamos ao falar do tamaño familiar, aquí tamén existe un maior predominio das familias con moitos fillos nas épocas de menor incidencia migratoria. Pola contra, nos períodos de maior emigración o número de fillos por familia diminúe, o que resulta especialmente notorio ao final do proceso, en consonancia coa caída da natalidade, no que case o 60% das familias ten menos de tres fillos.

Cadro 10. Distribución de familias de residentes ausentes segundo o número de fillos por familia, en porcentaxe										
Ano	0	1	2	3	4	5	6	7	>7	Media
1877	2,6	10,1	16,1	19,7	15,6	14,7	10,6	7,7	2,9	3,8
1904	2,4	9,0	17,3	18,2	19,2	14,0	10,5	4,9	4,5	3,8
1935	2,7	7,6	14,1	15,5	16,7	15,6	8,4	6,3	13,0	4,3
1955	2,3	8,9	17,2	13,0	13,5	15,4	9,4	7,6	12,8	4,2
1981	3,6	28,0	25,2	19,2	11,4	6,7	3,2	0,7	2,0	2,6

Fonte: Padróns municipais de habitantes, elaboración propia

Outro elemento interesante que cómpre considerar é a posición entre os fillos dos residentes ausentes. En primeiro lugar, ímolo ver en relación co conxunto dos fillos, e logo só no caso dos homes. Vemos como, a pesar de que o número medio de fillos por familia con emigrantes é bastante elevado, sobre catro, como acabamos de comentar, ao redor da metade dos fillos ausentes son os primoxénitos, e os dous primeiros supoñen entre o 70-86% dos casos. Esta porcentaxe resulta maior en 1981, en relación co forte predominio nesa data das familias con menos de tres fillos. (Cadro 11)

Se matizamos algo máis e nos circunscribimos ao caso dos fillos homes, apreciamos o seguinte: neste caso, a primacía do primoxénito resulta máis evidente,⁷ pois entre o 60%-70% dos fillos emigrantes homes son primoxénitos, o que está en relación co predominio da emigración masculina. Isto axuda a establecer o perfil deste tipo de emigrante, caracterizado por ser o primeiro

7. Feito que habería que poñer probablemente en relación, seguindo a Chayanov (1925), cun momento crítico no ciclo biolóxico da familia labrega, aquel en que aumenta o número de bocas que alimentar pero non a forza laboral na mesma medida.

Cadro 11. Distribución de residentes ausentes segundo o número de orde entre os fillos, en porcentaxe							
Ano	1	2	3	4	5	6	>6
1877	47,8	31,1	10,7	5,7	2,3	1,3	1,0
1904	42,1	28,4	16,0	8,9	3,3	1,1	0,3
1935	42,8	27,5	15,8	7,9	3,6	1,2	1,3
1955	48,1	24,7	14,7	8,3	2,6	1,0	0,6
1981	59,3	26,5	10,4	3,0	0,4	0,2	0,2

Fonte: Padróns municipais de habitantes, elaboración propia

fillo home, ao que se encomenda, dentro da estratexia familiar de supervivencia, a dobre función de reducir unha boca que alimentar e de contribuír ao sustento familiar.

Con todo, cómpre subliñar que, en case a metade dos casos, o que emigra non é o primoxénito senón outros fillos, fundamentalmente o segundo. Isto estaría, quizais, en relación co previsible traspaso da explotación familiar ao primoxénito dentro de sistemas de herdanza baseados na mellora e na procura de novos horizontes por parte dos segundoxénitos.⁸

Cadro 12. Distribución de residentes ausentes segundo o número de orde entre os fillos homes, en porcentaxe					
Ano	1	2	3	4	5
1877	58,5	32,8	6,0	2,2	0,5
1904	59,6	28,5	10,1	1,8	0,1
1935	60,0	26,8	9,5	2,4	1,3
1955	69,8	22,1	6,5	1,5	0,0
1981	69,5	24,1	5,4	1,0	0,0

Fonte: Padróns municipais de habitantes, elaboración propia

EMIGRACIÓN E NIVEL EDUCATIVO

Pasemos agora a analizar outra cuestión xa clásica nos estudos migratorios, como é o nivel de instrución dos emigrantes. Trataremos de afondar na cuestión desagregando por sexos e grupos de idade e establecendo como elemento referencial a situación no conxunto do concello. Para que a variable fose significativa e homoxénea, tomamos como universo a poboación maior

8. Na provincia de Ourense predominaba a partilla, mentres que no resto de Galicia, sobre todo na montaña lucense, a mellora, feito que incidía na posibilidade de acceso ao matrimonio e condicionaba o tamaño e a estrutura dos grupos domésticos (Saavedra, 1996: 39-43; Lisón, 1971: 175, 182).

de 9 anos, pois as persoas menores desa idade non teñen naturalmente un mínimo nivel educativo e, por outra banda, a distinta proporción dese tipo de poboación entre residentes e residentes ausentes distorsionaría as comparacións. Porén, isto obrigou a prolixos cálculos pois nos primeiros censos os datos engloban a totalidade da poboación.

Vemos como as taxas de analfabetismo resultan moi elevadas até principios do século, en relación coa escasa difusión, sobre todo nun medio eminentemente rural como o concello de Carballo, dos mecanismos de escolarización masiva da poboación.⁹ Estes comezan a facer notar a súa incidencia durante o primeiro terzo e continúan os seus efectos a pesar das duras condicións da posguerra, pois estamos a falar de niveis mínimos de instrución, como os consistentes en saber ler e escribir. Un feito aparentemente anómalo prodúcese nos datos dos residentes ausentes en 1955 e 1981, pois mentres en 1955 se detecta unha moi pronunciada caída do analfabetismo, en troques a taxa resulta moi superior en 1981, en contraste cunha evolución máis coherente no conxunto do concello. A explicación non parece clara. Podería deberse a diferentes criterios manexados na fonte, pero deberían entón tamén reproducirse nos datos agregados para todo o concello. Outra posibilidade podería ser o distinto tamaño das mostras, pero mesmo a máis pequena coidamos que é suficientemente representativa. Finalmente, cabería tamén que a distinta extracción social dos emigrantes neses dous padróns puidese influír no seu nivel de instrución. Tampouco neste caso semella iso significativo, pois, como veremos un pouco máis adiante, os emigrantes en 1955 son basicamente xornaleiros e amas de casa e en 1981 asalariados sen cualificar.

Se comparamos globalmente a taxa de analfabetismo dos emigrantes e do conxunto da poboación, vemos como tampouco as cousas están totalmente claras. En xeral, parece observarse unha relativa mellor formación básica nos emigrantes, salvo en 1981, ano en que as diferenzas poderían vir en parte motivadas pola distinta proporción dos grupos de idade máis escolarizados, os menores de 25 anos, nun caso ou noutro. As diferenzas a prol dos emigrantes tenden a ser máis notorias nas fases iniciais das grandes enxurradas migratorias, cando o movemento aínda é minoritario, como 1877 e 1955. Semella que neses momentos os individuos que saen da localidade son os máis decididos e capaces, mentres que cando o fenómeno se masifica as taxas tenden en maior medida a se equipararen coas do conxunto da poboación. Emporiso, para que sexa máis acaída, a comparación ten que efectuarse entre os sexos, debido ao diferente índice de masculinidade da poboación emigrante e total.

9. Sobre o ensino básico na Galicia desta época, véxase Costa (1989) e De Gabriel (1990).

Nese senso vemos como a relativa primacía dos emigrantes é debida fundamentalmente ás menores taxas de analfabetismo entre as residentes ausentes, mentres que as cifras masculinas se manteñen moi próximas ás do conxunto da poboación masculina.

Afondando na análise de xénero, vemos, como resulta habitual nas sociedades tradicionais, que a instrución é menor entre as mulleres. Porén, as diferenzas tenden a reducirse, especialmente entre a poboación emigrante, sector en que mesmo se inverten ao final do período, conforme se facilita o acceso feminino á educación. Tendo en conta que boa parte da poboación, sobre todo emigrante, ten entre 20-40 anos e que a escolarización básica ten lugar arredor dos 10-15 anos, e á vista das cifras do cadro 13, pode concluírse que o período de maior redución do analfabetismo foi a primeira metade do século xx.

Cadro 13. Taxa de analfabetismo, persoas maiores de 9 anos							
Ano	Residentes ausentes			Total de datos	Residentes		
	Mulleres	Homes	Total		Mulleres	Homes	Total
1877	82,2	56,5	63,1	420	96,1	61,5	81,3
1904	85,5	59,1	67,3	1332	88,9	54,6	73,8
1935	48,1	23,2	32,3	1383	57,8	21,0	41,2
1955	10,3	8,0	8,8	388	27,3	8,1	18,1
1981	24,0	28,9	27,7	1056			10,0

Fonte: Padróns municipais de habitantes, elaboración propia

O padrón de 1981 proporciona maior riqueza informativa tamén no eido educativo. Imos, xa que logo, explotar máis intensivamente os seus recursos. En primeiro lugar, podemos desagregar as taxas de analfabetismo por tramos de idade. Vemos como resulta tamén habitual que estas tendan a incrementarse coa idade das persoas, en relación coas peores condicións educativas do pasado, cando esas persoas estaban en idade escolar. Apréciase para o conxunto da poboación a importante mellora acadada nos anteriores vinte e cinco anos e a deterioración da situación durante a Guerra Civil e inmediata posguerra. Non obstante, de novo o comportamento do universo de emigrantes resulta peculiar, pois neles o efecto beneficioso da escolarización non parece que incidise moito, sobre todo nos primeiros momentos desta, é dicir, nos anos cincuenta e principios dos sesenta. Vemos como as súas taxas se manteñen nunhas cifras bastante elevadas a partir dos 25 anos de idade e é precisamente no grupo maioritario de 20-40 anos no que as diferenzas co conxunto da poboación resultan superiores, sobre todo en termos relativos. (Cadro 14)

Cadro 14. Taxa de analfabetismo en 1981 por idades, persoas maiores de 9 anos												
	10-14	15-19	20-24	25-29	30-34	35-39	40-44	45-49	50-54	55-59	60-64	65 e +
Residentes ausentes mulleres	0,0	13,3	23,3	17,7	40,0	22,6	25,0	28,6	22,2	0,0		
Residentes ausentes homes	0,0	15,9	19,8	29,8	29,4	35,0	28,8	34,8	36,0	34,8	40,0	0,0
Residentes ausentes total	0,0	15,3	20,9	26,7	31,9	32,1	28,0	32,4	32,4	29,6	40,0	0,0
Residentes	1,2	2,1	0,9	3,0	3,4	2,2	6,1	6,3	11,5	20,7	21,3	38,2

Fonte: Padróns municipais de habitantes, elaboración propia

Cadro 15. Nivel de instrución en 1981, persoas maiores de nove anos, en porcentaxe					
	Analfabetos	Sen estudos	Estudos primarios	Estudos medios	Estudos universitarios
Residentes ausentes mulleres	24,0	52,7	15,5	3,1	4,7
Residentes ausentes homes	28,9	50,4	17,5	2,3	0,9
Residentes ausentes total	27,7	50,9	17,0	2,5	1,8
Residentes	10,0	38,0	28,8	20,0	3,2

Fonte: Padróns municipais de habitantes, elaboración propia

A información dispoñible amplíase tamén ao nivel de estudos posuído pola poboación. Vemos como o grao de instrución entre os emigrantes resulta claramente inferior ao do conxunto da poboación municipal, pois case o 80% dos residentes ausentes carece de estudos, fronte a menos da metade no concello. Os contrastes son especialmente notorios na educación secundaria, mentres que se minoran no nivel universitario, sobre todo entre as mulleres, debido a que esta reducida minoría busca tamén mellores horizontes profesionais fóra da localidade. Corrobórase de novo a lixeira primacía feminina entre os emigrantes, especialmente marcada no nivel superior, aínda que a mostra neste tramo é pouco representativa. (Cadro 15)

No cuestionario deste padrón tamén se inclúe por primeira vez un ítem relativo ao uso e ao coñecemento da lingua galega. Esta é a lingua habitual da inmensa maioría dos emigrantes. Non obstante, a práctica totalidade é ágrafa na súa propia lingua, nunha porcentaxe moi superior ao castelán, como consecuencia de que nesa data aínda se estaban a dar os primeiros pasos na introdución da aprendizaxe do galego na escola. (Cadro 16)

Cadro 16. Distribución de residentes ausentes en 1981 segundo o nivel de coñecemento do galego, en porcentaxe						
	Entende	Fala	Escribe	Fala habitualmente	Fala habitualmente e escribe	Total
Homes	4,1	17,1	0,0	78,2	0,6	316
Mulleres	1,6	15,5	0,0	82,6	0,3	893
Total	2,2	15,9	0,0	81,5	0,4	1209

Fonte: Padróns municipais de habitantes, elaboración propia

O PERFIL SOCIOPROFESIONAL DOS EMIGRANTES

Un elemento básico que cómpre considerar para coñecer mellor o perfil dos residentes ausentes é o da súa actividade profesional. Esta vaise modificando ao longo do tempo conforme se transforma a base económica. Así, até mediados do século xx, é o campo o que proporciona a meirande parte da forza laboral, mentres que en 1981 o groso dos emigrantes son asalariados da construción e da hostalaría. Na fase inicial do proceso migratorio, a finais do século xix, incide en maior medida o efecto expulsión, que afecta aos grupos máis desfavorecidos da sociedade local, como son os xornaleiros, criados e pobres. Criados e pobres desprázanse xeralmente a localidades próximas, pois os seus limitados recursos materiais e culturais, a posibilidade de acollemento nunha vivenda e/ou a falla de horizontes vétales en boa medida o camiño da emigración ultramarina, para o que se precisa certa bagaxe económica, instrutiva e decisoria.

Nesta fase, a emigración incide en moita menor medida nos labregos, pois a súa relativa mellor situación económica permítelles afrontar as dificultades con maiores garantías. Existe tamén un grupo de artesáns afectado pola deterioración do seu status, provocado polo inicio do desenvolvemento do capitalismo industrial.¹⁰ Tamén é reducida a participación das amas de casa, pois ao estaren na primeira fase do proceso non se producen aínda en cantidades apreciables procesos de reagrupamento familiar. As baixas taxas de escolarización explican tamén que o número de estudantes que reside fóra de Carballo sexa moi reducido e limitado exclusivamente aos compoñentes masculinos.

As cousas comezan a cambiar a principios do século xx. Estamos nun momento de emigración en masa e de combinación dos tradicionais factores de expulsión con outros de atracción, no que as familias e os propios indivi-

10. Nas décadas centrais do xix ten lugar a crise de varias actividades artesanais básicas como o liño e o coiro (Carmona, 1990).

duos, organizados mediante as cadeas migratorias,¹¹ contemplan a emigración como unha alternativa laboral máis, dentro das estratexias de reprodución simple da estrutura familiar. Neste senso, apréciase como a extracción profesional dos emigrantes non se atopa tan polarizada nos grupos marxinais como anteriormente, aínda que agora os criados tamén figuran maioritariamente como residentes en América, cando antes residían en concellos próximos. Agora, aínda que os xornaleiros seguen a ser o grupo maioritario, aumenta significativamente o peso dos labregos. Isto obedece a un dobre motivo: por unha banda, a proporción dos labregos no espectro social increméntase debido aos primeiros logros no acceso á explotación agraria e á redución do número de xornaleiros pola emigración e aos cambios agrarios; por outra banda, incide a crise agraria finisecular, manifestada en Galicia e Carballo sobre todo na perda do mercado inglés de exportación bovina (Carmona, 1982). Este proceso está, no entanto, nunha fase embrionaria, e consolídase ao longo do primeiro terzo do xx. O servizo doméstico segue a ser unha importante canteira laboral, circunscrita tradicionalmente ao elemento feminino. A principal novidade radica no importante peso do estudantado, en conexión coa difusión da escolarización entre a poboación, que agora comeza a favorecer tamén as mulleres. Cómpre sinalar que estes estudantes non están en localidades próximas, senón maioritariamente en América, en relación co inicio do proceso de reagrupamento familiar.

Estas tendencias apuntadas acentúanse ao longo do primeiro terzo do século xx, de modo que en 1935 se altera a relación entre xornaleiros e labregos, a prol destes últimos, en conexión co acceso á propiedade que propicia o decreto de redención foral de 1926. Estamos nunha conxuntura de estancamento da emigración e na que se consolida o reagrupamento familiar, manifestado pola elevadísima proporción de amas de casa. O maior protagonismo das relacións de produción capitalistas maniféstase na presenza de asalariados non agrarios.

As duras condicións da posguerra fan tamén recuar a extracción socio-profesional dos emigrantes cara a estadios máis primitivos, o que se reflicte no predominio dos xornaleiros. Estamos outra volta nunha emigración de expulsión, no inicio dunha nova etapa de reorientación do fenómeno migratorio. As dificultades económicas do momento, que se arrastran xa dende os anos trinta, contribúen a explicar o predominio nas mulleres da súa condición de amas de casa, desprovistas de cualificación profesional específica. As que traballan de criadas fano xeralmente nas cidades da provincia.

11. Sobre a importancia destes mecanismos informais na canalización das correntes migratorias, véxase Vázquez (1992).

Para estes anos da posguerra incidirán neste fenómeno non tanto procesos de reagrupamento familiar, nun intre de retroceso da emigración, como a incidencia da ideoloxía dominante, que reclúe a muller na esfera doméstica. No tocante ao ano 1955 temos datos relativos á estrutura profesional do conxunto do concello, o que nos permite establecer comparacións, que serán máis acaídas se as efectuamos por sexos. A situación profesional dos residentes ausentes é peor, como o manifesta a maior proporción de xornaleiros, servizo doméstico e obreiros, en detrimento de labregos, estudantes e outras profesións de maior status.

Finalmente, en 1981 prodúcese un cambio radical na estrutura profesional.¹² As actividades relacionadas co agro case desaparecen. Os emigrantes agora traballan maioritariamente como asalariados sen cualificar na construción e na hostalaría. A muller entra masivamente no mercado laboral, basicamente no sector servizos, principalmente en funcións continuadoras da súa actividade compaxinada de ama de casa, como a limpeza e o servizo doméstico. Este último desempeñase agora maioritariamente en Suíza e, en menor medida, en Madrid. (Cadro 17)

Para os dous últimos padróns manexados, dispomos dalgunha maior información sobre as actividades económicas nas que desempeñan o seu labor os emigrantes, así como, a título comparativo, do conxunto do concello de Carballo.

Vemos de novo como a extracción social maioritaria entre os emigrantes, con tendencia ademais a incrementarse, é a de asalariados, nunha proporción moi superior á do conxunto da poboación, aínda que tamén nesta o proceso de asalarización aumenta significativamente. En todo caso, a inserción laboral destes emigrantes difire da dos de principios de século, cun maior protagonismo do autoemprego daquela. (Cadro 18)

Verbo da distribución por sectores económicos, tamén hai matices significativos. Mentres que en 1955 os emigrantes proceden esmagadoramente da agricultura, en 1981 traballan na construción e servizos, sempre en maior medida que a media da poboación activa local. As mulleres emigrantes en 1955 traballan nos servizos en moita maior medida que os homes, aínda que menos que a media local, e están ausentes na industria e na construción. (Cadro 19)

12. Hai que ter en conta, para matizar os cambios observados, que neste último padrón as profesións anotadas semellan ser as exercidas nos lugares de destino, mentres que nos censos anteriores as anotacións parecen adscribirse ás profesións de partida, que, ao seren maioritariamente conectadas co campo, non terían xeralmente paralelo coas exercidas nos lugares ultramarinos de asentamento.

Cadro 17. Distribución de residentes ausentes segundo a actividade, en porcentaxe									
Ano		Labrego	Xornaleiro	Servizo doméstico	Artesán/ autónomo/ técnico	Empregado/ obreiro	Ama de casa	Estudiante	Outros
1877	MULLER	6,1	53,0	30,3	1,5	0,0	4,5	0,0	0,0
	HOME	4,9	75,1	3,2	4,3	0,0	1,6	2,2	4,3
	TOTAL	5,2	69,3	10,4	3,6	0,0	2,4	1,6	3,2
1904	MULLER	23,6	35,2	16,9	3,2	0,0	2,1	17,8	1,1
	HOME	25,8	44,4	0,9	3,6	0,0	0,0	14,0	11,3
	TOTAL	25,1	41,5	6,0	3,5	0,0	0,7	15,2	8,1
1935	MULLER	3,7	2,9	0,6	0,4	1,0	87,3	4,2	0,0
	HOME	47,4	40,0	0,0	2,8	3,8	1,0	3,4	0,6
	TOTAL	31,3	26,3	0,2	1,9	2,8	32,9	3,7	0,4
1955	MULLER	1,6	5,5	7,0	0,0	0,0	75,0	4,7	1,6
	HOME	7,4	66,3	0,0	4,4	8,9	0,7	6,3	1,1
	TOTAL	5,5	46,7	2,3	3,0	6,0	24,6	5,8	1,3
1955	MULLER	4,6	1,8	2,0	0,3	0,0	68,8	21,9	0,6
Resid	HOME	48,2	15,8	0,6	2,3	3,3	0,0	20,6	9,1
	TOTAL	25,5	8,5	1,3	1,3	1,6	35,9	21,3	4,6
1981	MULLER	0,4	0,0	13,7	2,5	69,4	7,2	5,8	1,1
	HOME	0,2	0,0	0,0	1,6	94,7	0,0	3,5	0,0
	TOTAL	0,3	0,0	3,4	1,8	88,4	1,8	4,0	0,3

Fonte: Padróns municipais de habitantes, elaboración propia

Cadro 18. Poboación ocupada segundo a situación profesional, en porcentaxe					
		Empresarios*	Autónomos	Asalariados	Outros**
Residentes ausentes 1955	Muller	0,0	11,1	88,9	0,0
	Home	0,0	14,8	85,2	0,0
	Total	0,0	14,6	85,4	0,0
Residentes 1955	Muller		48,1	44,6	7,3
	Home		46,7	23,7	29,6
	Total		46,9	26,1	27,0
Residentes ausentes 1981		0,0	1,9	98,1	0,0
Residentes 1981		4,6	30,7	55,0	9,7

* Os datos de patróns dos residentes de 1955 púxenos cos autónomos, pois deben referirse maioritariamente aos labregos.
 ** Basicamente, axudas familiares.
 Fonte: Padróns municipais de habitantes, elaboración propia

Cadro 19. Poboación ocupada por sectores económicos en porcentaxe						
		Agricultura	Enerxía e auga	Industria	Construción	Servizos
Residentes ausentes 1955	Muller	50,0	0,0	0,0	0,0	50,0
	Home	85,0	0,0	6,0	3,8	5,1
	Total	82,5	0,0	5,6	3,6	8,3
Residentes 1955	Muller	21,3	0,0	0,9	0,0	77,9
	Home	31,6	0,0	4,2	1,2	63,1
	Total	29,7	0,0	3,5	1,0	65,8
Residentes ausentes 1981		0,4	0,4	15,9	49,9	33,3
Residentes 1981		29,1	1,6	14,1	20,4	34,8

Fonte: Padróns municipais de habitantes, elaboración propia

PROCEDENCIA E DESTINO DOS EMIGRANTES: AS CADEAS MIGRATORIAS

Outra variable fundamental que cómpre considerar é o lugar de destino dos residentes ausentes. En todas as épocas estamos diante duns movementos migratorios basicamente de longa distancia, América do Sur primeiro, Europa occidental despois. Os movementos de raio curto teñen maior protagonismo nos momentos iniciais da corrente migratoria ou cando esta se atopa estanca-da.¹³ Isto suxire que as cadeas migratorias funcionan basicamente cara a países distantes e que unicamente en condicións embrionarias ou de imposibilidade de desprazamentos exteriores estes se ven parcialmente compensados por desprazamentos de menor alcance territorial, principalmente dentro da propia provincia, en especial cara á súa capital. Hai que ter en conta que bastantes destas situacións se corresponden con estudantes nos distintos niveis educativos.

Na primeira fase migratoria, até a Guerra Civil, o destino maioritario é América, centrado sobre todo en Uruguai, cunha tendencia alcista polo demais, seguida a bastante distancia por Cuba. Despois da Guerra Civil, iníciase unha reorientación da emigración. O destino americano (uruguaio, basicamente, seguido de Venezuela) segue a ser predominante, pero o despregamento industrial dalgunhas áreas españolas como Madrid, Bilbao e Barcelona dirixe cara a elas unha parte do fluxo migratorio. Porén, o cambio máis significativo terá lugar nas décadas dos sesenta e setenta, cando se produce unha nova emigración masiva, que ten agora como destino os países europeos con maiores taxas de crecemento; así, figura Suíza como principal receptor, seguido doutros países como Alemaña, Holanda, Francia ou Inglaterra. Cómpre salientar a enorme

13. Os datos de 1935 non son moi significativos pois o tamaño da mostra é moi reducido.

Cadro 20. Localidade onde se atopa o emigrante, en porcentaxe									
Ano	Resto da provincia da Coruña	Resto de Galicia	Resto de España	Uruguai	Resto de América	Suíza	Resto de Europa	Resto do mundo	Total
1877	19,8	1,6	5,2	58,2	15,0	0,0	0,2	0,0	440
1904	4,3	0,9	0,4	86,7	7,6	0,0	0,1	0,0	1068
1935	36,0	2,0	0,0	32,0	30,0	0,0	0,0	0,0	100
1955	10,9	2,3	18,2	58,8	9,1	0,0	0,0	0,8	396
1981	1,8	1,4	5,6	0,2	1,7	74,9	14,3	0,2	1221

Fonte: Padróns municipais de habitantes, elaboración propia

polarización xeográfica da emigración carballeira, pois xeralmente entre un 60-85% desta aséntase nun só país. Isto ten moito que ver coa forza e persistencia das cadeas migratorias, que canalizan e facilitan a integración dos familiares e veciños.

Este fenómeno das cadeas migratorias podemos tratar de rastrexalo a escala parroquial, célula básica de convivencia na Galicia rural. Seleccionamos os anos 1904 e 1981 por seren os que posúen maior número de destinos coñecidos e representaren os dous tipos de destino, cara a Uruguai e cara a Suíza. Observamos como as cadeas migratorias que albiscabamos a escala municipal se aprecian máis nitidamente no microcosmos parroquial. En efecto, entre un 75%-82% dos emigrantes de cada parroquia diríxese a un mesmo país.¹⁴ As cifras máis altas acádanse nas parroquias que fornecen a meirande parte dos emigrantes; xa que logo, as máis representativas. Mesmo na maioría dos casos en que a porcentaxe resulta inferior ao 75%, iso é debido á existencia dunha segunda cadea migratoria que absorbe a práctica totalidade do resto de destinos exteriores. As porcentaxes son maiores en 1904 que en 1981, o que probablemente estea en relación coas maiores dificultades de emigrar a principios de século e a conseguinte necesidade de maior apoio veciñal, xunto co maior acceso á información e posibilidades de diversificar a elección nos tempos máis recentes. (Cadro 21)

No senso inverso, resulta tamén de interese analizar a procedencia parroquial dos emigrantes, tanto en relación co total de emigrantes como en relación coa poboación parroquial. Nun primeiro momento, os emigrantes proceden principalmente das parroquias costeiras e dalgunhas situadas na chaira central, próximas á capitalidade do concello. Parece que o acceso á información e ao transporte desempeña un papel relevante. Pola contra, as parroquias máis

14. A cifra acadaría case o 100% se descontásemos as migracións interiores.

Cadro 21. Porcentaxe de residentes ausentes no principal destino de emigración						
Parroquia/ Ano	Principal destino	2º destino importante	Principal destino	2º destino importante	Total de destinos coñecidos	
	1904	1904	1981	1981	1904	1981
Aldemunde	50,0		100,0		2	24
Ardaña	70,1	22,4	64,5		67	62
Artes	97,6		82,0		41	50
Berdillo	95,7		86,5		23	74
Bértoa	85,7		48,9	21,3	56	47
Cances	74,6	16,4	82,7		67	52
Carballo	83,3		61,5	7,9	36	317
Entrecruces	51,3	23,1	79,1		39	129
Goiáns	84,8		82,6		46	23
Lema	79,7		66,7		64	6
Noicela	94,1				135	0
Oza	86,0				100	0
Razo	91,5				47	0
Rebordelos	87,5		50,0		24	6
Rus	53,0	37,6	84,3		117	217
Sísamo	89,4		70,0		66	40
Sofán	87,8		84,7		180	163
Vilela	72,7		100,0		22	7
Total	81,3	7,0	75,1	2,9	1132	1217

Fonte: Padróns municipais de habitantes, elaboración propia

poobres e peor comunicadas da zona montañosa figuran como as de menor presenza.

Na fase seguinte, de maior sangría migratoria, correspondente ao primeiro terzo do século xx, as parroquias montañas superpoboadas son as que toman o relevo. Esta primacía das parroquias do interior mantense como unha tónica dominante até 1981. A capital do concello proporciona tamén cantidades crecentes de emigrantes, pero non excesivas en relación á súa poboación, tamén en forte ascenso polo proceso de atracción de poboación doutras parroquias. En definitiva, a mobilidade tende a incrementarse nas últimas décadas tanto cara ao exterior do concello como cara á capital deste, na procura de mellores condicións laborais e de servizos. Pola contra, a zona agora con menores niveis migratorios é a da costa. (Cadros 22 e 23)

A fortísima sangría migratoria que se produce durante as décadas dos sesenta e setenta, sobre todo na zona interior montañosa, provoca a caída da poboación en practicamente todas as parroquias, especialmente nas montañas, coa destacada excepción da capital, que se converte en polo de atracción interno. (Cadro 24)

Cadro 22. Parroquia de domicilio, en porcentaxe					
Parroquia/Ano	1877	1904	1935	1955	1981
Aldemunde	3,5	0,2	0,7	0,0	2,0
Ardaña	9,9	5,3	6,9	10,5	5,1
Artes	9,9	3,6	3,1	11,3	4,1
Berdillo	9,7	2,2	3,8	2,9	6,1
Bértoa	5,0	5,0	11,3	5,4	3,8
Cances	1,9	6,3	8,1	2,4	4,3
Carballo	5,0	5,8	12,1	18,5	25,9
Entrecruces	4,3	3,2	2,2	8,0	10,6
Goiáns	1,9	4,2	2,9	2,7	2,0
Lema	6,4	5,1	4,6	0,8	0,5
Noicela	0,5	10,3	5,5	2,1	0,0
Oza	11,6	8,2	4,5	1,9	0,0
Razo	11,6	3,5	3,4	5,1	0,0
Rebordelos	0,2	3,2	4,5	2,9	0,5
Rus	4,5	11,0	8,3	2,4	17,8
Sísamo	4,7	5,8	4,3	9,7	3,3
Sofán	3,3	15,1	11,8	12,9	13,6
Vilela	6,1	1,9	2,2	0,5	0,6
Total	423	1387	1426	373	1222
Fonte: Padróns municipais de habitantes, elaboración propia					

Cadro 23. Residentes ausentes en porcentaxe da poboación de feito parroquial					
Parroquia/Ano	1877	1904	1935	1955	1981
Aldemunde	14,4	2,3	6,2	0,0	22,9
Ardaña	5,5	10,1	10,3	3,5	7,9
Artes	9,4	10,6	7,7	5,2	7,8
Berdillo	7,3	4,5	5,9	1,0	6,8
Bértoa	3,4	8,5	14,2	1,4	3,2
Cances	1,4	13,1	16,5	1,0	6,9
Carballo	1,6	4,7	6,2	1,5	3,2
Entrecruces	1,9	6,0	3,6	2,6	13,1
Goiáns	1,8	11,5	7,5	1,6	5,0
Lema	4,4	10,8	8,5	0,4	0,9
Noicela	0,3	22,2	11,6	1,1	0,0
Oza	7,5	17,8	8,2	0,7	0,0
Razo	9,6	7,9	6,4	1,9	0,0
Rebordelos	0,3	14,4	19,3	3,1	2,5
Rus	1,7	11,3	7,9	0,5	14,8
Sísamo	3,5	13,4	8,6	4,3	4,4
Sofán	0,9	11,9	7,8	1,9	8,5
Vilela	10,2	9,2	9,2	0,4	2,6
Total	3,6	10,5	8,6	1,7	5,1
Fonte: Padróns municipais de habitantes, elaboración propia					

Cadro 24. Taxa de crecemento da poboación de feito, en porcentaxe				
	1877-1905	1905-1935	1935-1955	1955-1981
Aldemunde	26,4	23,6	1,8	-36,6
Ardaña	-4,8	29,6	19,0	-30,4
Artes	5,0	21,9	40,6	-20,1
Berdillo	17,2	39,1	22,4	-3,6
Bértoa	34,5	37,3	29,7	0,0
Cances	17,8	3,5	25,0	-12,8
Carballo	31,6	63,8	65,5	117,3
Entrecruces	-22,0	21,5	31,1	-16,2
Goiáns	16,4	7,9	13,7	-20,2
Lema	6,2	17,8	8,6	-23,7
Noicela	4,3	4,1	4,7	-21,7
Oza	-2,2	21,6	23,0	-16,2
Razo	18,8	24,4	34,2	-16,2
Rebordelos	1,5	9,0	7,4	-33,8
Rus	17,9	11,2	26,8	-22,4
Sísamo	4,4	19,3	17,6	6,3
Sofán	11,8	22,0	19,0	-23,8
Vilela	15,3	14,8	31,7	-38,6
Total	11,8	25,4	29,4	11,1

Fonte: Padróns municipais de habitantes, elaboración propia

CONCLUSIÓNS

A modo de conclusións finais acerca dos movementos migratorios en Carballo, cabe salientar, en primeiro lugar, a precocidade e importancia deste fenómeno, manifestado nunhas taxas de residentes ausentes bastante elevadas no longo prazo. En canto ao perfil tipo do emigrante, sería o dun home solteiro de entre 20 e 29 anos, fillo primoxénito dunha familia numerosa, cun nivel de instrución baixo pero similar á media municipal, sen cualificación laboral, xornaleiro até mediados do xx e peón da construción posteriormente.

Inicialmente, os emigrantes proceden principalmente das parroquias costeiras e próximas á capital municipal, con maior acceso á información. Pero cando o fenómeno comeza a espallarse serán as parroquias pobres e afectadas pola presión demográfica do interior montañoso as que tomen o relevo, e serán estas tamén as máis afectadas polo fenómeno do despoboamento das últimas décadas.

Os movementos migratorios son basicamente de longo alcance e moi polarizados en canto ao seu destino: Uruguai até os anos cincuenta e Suíza posteriormente. Nestes movementos desempeña un papel esencial a solidariedade intraparroquial, manifestada na existencia dunhas cadeas migratorias claramente perceptibles ao longo do tempo.

BIBLIOGRAFÍA

- CARMONA, X. (1982): «Sobre as orixes da orientación exportadora na produción bovina galega. As exportacións a Inglaterra na segunda metade do século XIX», *Grial Historia*, pp. 169-206.
- (1990): *El atraso industrial de Galicia. Auge y liquidación de las manufacturas textiles (1750-1900)*, Barcelona, Ariel.
- CHAYANOV, A. V. (1985): *La organización de la unidad económica campesina*, Bos Aires, Nueva Visión. 1ª edición en castelán 1925.
- COSTA, A. (1989): *Escolas e mestres. A educación en Galicia: da Restauración á segunda República*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- EIRAS ROEL, A. (ed.): *Aportacións al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- e O. REY CASTELAO (1992): *Los gallegos y América*, Madrid, Mapfre.
- GABRIEL, N. de (1990): *Leer, escribir y contar. Escolarización popular y sociedad en Galicia (1875-1900)*, Sada (A Coruña), Ed. do Castro.
- HATTON, T. J. e J. G. WILLIAMSON (1998): *The Age of Mass Migration. Causes and Economic Impact*, Nova York, Oxford U.P.
- LISÓN TOLOSANA, C. (1971): *Antropología cultural de Galicia*, Bilbao, Siglo XXI.
- LÓPEZ TABOADA, X. A. (1996): *La población de Galicia 1860-1991*, Santiago de Compostela, Fundación Caixa Galicia.
- NOGUEIRA, G. (1998): *A comarca de Bergantiños. Estudio demográfico (1887-1996). O caso particular da parroquia de S. Xoán de Carballo*, A Coruña, Deputación.
- RAMA, M. L. (1992): «El seguimiento del fenómeno migratorio en el municipio de Carballo a través de los padrones de habitantes (1860-1920)», en A. Eiras Roel (ed.), pp. 123-131.
- RODRÍGUEZ GAIDO, M.ª X. (1995): *O fluxo migratorio dos séculos XVIII ó XX*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- ROMAR, R. (2003): «A evolución da estrutura familiar no marco da transición demográfica nun concello rural galego. O caso de Cabana de Bergantiños», *Documento de traballo, Xeografía, n.º 14*, IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.
- SAAVEDRA, P. (1996): *Das casas de morada ó monte comunal*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- SÁNCHEZ ALONSO, B. (1995): *Las causas de la emigración española, 1880-1930*, Madrid, Alianza.
- SILVESTRE, J. (2000): «Aproximacións teóricas a los movimientos migratorios contemporáneos: un estado de la cuestión», *Historia Agraria*, 21, pp. 157-192.

- (2001): «Viajes de corta distancia: una visión espacial de las migraciones interiores en España, 1877-1930», *Revista de Historia Económica*, 19, 2, pp. 247-286.
- VÁZQUEZ GONZÁLEZ, A. (1992): «Las dimensiones microsociales de la emigración gallega a América: la función de las redes sociales informales», *Estudios Migratorios Latinoamericanos*, ano 7, núm. 22, decembro, pp. 497-533.
- VILLARES, R. e M. FERNÁNDEZ (1996): *Historia da emigración galega a América*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- YÁÑEZ GALLARDO, C. (1994): *La emigración española a América (siglos XIX y XX)*, Xixón, Fundación Archivo de Indianos.